

E lembra:

- ✓ Mantén limpo o entorno
- ✓ Respeta a fauna e flora.
- ✓ Respeta as contruccións típicas.



Disfruta do paseo.

Teléfonos de interese:

Concello: 982340000


Centro de Saúde: 982350005

Cuartel da Garda Civil: 982340004

Protección Civil: 982350022

Rutas de Sendeirismo do concello da
Fonsagrada:

**Ruta de Tresvilar
(9 KM)**



Concello da Fonsagrada
Concelleria de Medio Ambiente



Empezamos o noso percorrido na vila, no miradoiro dos Ancares, xunto ó depósito da auga. Alí poderemos deixar os coches con toda tranquilidade. Atravesamos un piñeiral de *Pinus sylvestris* de gran fermosura e descendemos pola ladeira desde a cal podemos ver unha espléndida imaxe do val do río Suarna.

Cruzaremos unha estrada e chegaremos á aldea de Rozabragada, aldea típica desta zona na que se pode ollar unha antiga casona coa súa capela, agora en ruínas, un hórreo, unha fonte e o tipo de construción da zona.

A continuación sumerxirémonos nun máxico bosque de castiñeiros e carballos no que tamén poderemos disfrutar dos caleiros, cortíns e as corripas. Pasamos pola Aula Verde, ou aula da natureza do concello, de recente creación.

Durante 1Km podemos disfrutar dunha espléndida panorámica dos Ancares para atoparnos co camiño Primitivo de Santiago que nos levará de volta á vila atravesando un fermoso bosque autóctono percorrido por camiños encaixados totalmente no terreo (NOIROS). Un mundo de historias por descubrir despois dunha doada ANDAINA.